



FACULTADE DE FILOLOXÍA
DEPARTAMENTO DE FILOLOXÍA GALEGA

Épica e historiografía na Idade Media

Esther Corral Díaz

GUÍA DOCENTE E MATERIAL DIDÁCTICO
2011/2012

FACULTADE DE FILOLOXÍA. DEPARTAMENTO DE FILOLOXÍA GALEGA

AUTORES: Esther Corral Díaz

Edición electrónica. 2011

ADVERTENCIA LEGAL: Reservados todos os dereitos. Queda prohibida a duplicación total ou parcial desta obra, en calquera forma ou por calquera medio (electrónico, mecánico, gravación, fotocopia ou outros) sen consentimento expreso por escrito dos autores.

1. DATOS DESCRIPTIVOS DA MATERIA

- Nome: *Epica e historiografía na Idade Media románica*
- Código: G5081346
- Tipo de materia: Materia obrigatoria no Grao en Linguas e Literaturas Modernas (*Maior* en Filoloxía Románica).
- Número de créditos: 6 ECTS
- Curso no que se imparte: 3º curso no 1º cuadrimestre
- Prerrequisitos: A materia non existe coñementos previos, aínda que é recomendable que os alumnos dominen outra lingua románica, á parte do galego e do español, para ler a bibliografía de fontes primarias e secundarias que se indicará na clase.
- Profesor(es) que a imparte(n): Dra. Esther Corral Díaz
- Linguas en que se imparte: galego (español).
- Horas e lugares de titorías: Dcho. 104.

As titorías personalizadas, relacionadas coa implantación do sistema de créditos europeos (ECTS), terán lugar os martes, de 13 a 14 horas e de 16 h. a 17 h.

Para consultas de calquera tipo, martes 18 h.-21 h., mércores 16 h.-17 h.

E-mail de contacto: esther.corral@usc.es

Horario de clases:

Martes, de 12 h.-13 h. (Seminario F) e mércores, de 12 a 14h (aula 17)

Datas oficiais de exames:

18/01/2012, 9.00 h, aula 4

3/07/2010, 9.30 h, aula 14

2. SENTIDO DA MATERIA NO PLAN DE ESTUDOS

A materia é cursada no terceiro curso do *Maior* de Filoloxía Románica do Grao de Linguas e Literaturas Modernas e forma parte do módulo de *Literatura románica medieval*, no que se proporciona unha visión clara e necesaria das características

particulares da produción da literatura medieval, así como do nacemento da literatura en linguas vernáculas e da xestación dos principais xéneros literarios modernos.

Nesta materia tentarase completar os coñecementos adquiridos en *Literatura románica no contexto europeo*, *Fundamentos de literatura románica medieval* e *Mitos da literatura románica medieval na cultura europea*, ao mesmo tempo que se complementa con outras materias do módulo que se cursan este curso e que versan sobre tipoloxías como *Lírica románica medieval*, *Narrativa románica medieval* e, durante o próximo ano, *Narrativa breve románica medieval*. Os contidos céntranse en dous xéneros significativos, con fondas raíces na tradición clásica, e cunha importante relación intertextual, a épica e a historiografía. A épica recupera un pasado glorioso a través dunha narración de feitos excepcionais realizada por héroes tamén extraordinarios baixo a aparencia dunha historicidade. A historiografía fundaméntase precisamente no concepto de veracidade, superando o de verosimilitude da épica. Esa verdade marcará o emprego do latín no xénero durante toda a Idade Media, máis alá da eclosión das linguas vulgares, e manifesta unha dependencia das literaturas latina y mediolatina.

Finalmente atenderase ao estudo dos libros de viaxes. Este tipo de literatura representa unha novidade medieval fronte á cultura clásica e caracterízase por una grande variedade textual que achega as narracións á biografía, a historiografía ou os tratados xeográficos e enciclopédicos.

3. OBXECTIVOS-COMPETENCIAS

Os principais obxectivos desta materia insírense dentro dos do módulo de Literatura Románica Medieval, isto é:

- Estudar os antecedentes de ambas tipoloxías, o seu desenvolvemento e a súa evolución nas diferentes áreas románicas, así como os principais autores e obras.
- Analizar as transformacións sufridas por determinadas manifestacións literarias hasta fixar a súa definición como xénero que trascenderá os límites do período medieval.
- Adquirir un panorama comparatista da literatura románica medieval, que permita a súa comprensión como sistema interliterario e a súa proxección no espazo cultural europeo.
- Mostrar unha visión interdisciplinar na que se perciba a continuidade da materia literaria e a mutua influencia de personaxes e motivos nestes séculos, destacando a súa importancia na tradición cultural europea.
- Proporcionar os elementos necesarios para a comprensión e a análise de textos literarios medievais

As competencias da materia céntranse en:

- Coñecemento da xénese e configuración da épica, historiografía e literatura de viaxes medievais, inseríndoos dentro do panorama xeral da aparición dos distintos xéneros literarios.
- Coñecemento das características principais da épica e historiografía medieval nas diferentes áreas literarias, do seu desenvolvemento e da súa evolución.
- Capacidade para vincular dous xéneros diferentes que manteñen relación comúns
- Disposición para relacionar textos épicos e historiográficos en linguas diferentes, tendo en conta a súa orixe común.
- Capacidade de análise crítica de textos literarios medievais.

4. CONTIDOS

1. INTRODUCCIÓN: a relación épica / historiografía, e con outros xéneros

2. A POESÍA ÉPICA MEDIEVAL

- 2.1. O concepto de poesía épica: definición, cantar de xesta/epopeia/épica
- 2.2. Antecedentes
- 2.3. Cronoloxía e espacialización
- 2.4. Teorías sobre a orixe do xénero
- 2.5 Características: a autoría, o público, a oralidade e a escritura, a técnica literaria (métrica, técnicas orais, estilo), a estrutura narrativa, a temática e representación do mundo, a conformación dos personaxes.
- 2.6. O ciclo rolandiano ou carolínxeo: *O Cantar de Roldán e A Peregrinación de Carlomagno*
- 2.7. O ciclo de Guillermo: *O Cantar de Guillermo*.
- 2.8. Outros ciclos: *O Cantar de Mio Cid, Amis et Amile, Huon de Bordeaux*.
- 2.9. Evolución do xénero

3. A HISTORIOGRAFÍA

- 3.1. Concepto medieval de Historia
- 3.2. Características fronte a outros xéneros literarios (épica, roman, haxiografía)
- 3.3. Antecedentes: importancia da historiografía latina e mediolatina
- 3.4. Desenvolvemento da historiografía medieval:
 - i) das invasións xermánicas ao século XII
 - ii) a renovación do século XIII

- 3.5. A historiografía anglonormanda
 - 3.6. A historiografía en Francia
 - i)Obras de exaltación monárquica
 - ii)Obras sobre as cruzadas
 - 3.7. A historiografía na Península Ibérica
 - i) A obra de Alfonso X
 - ii) *Les quatre grans cròniques* da Coroa de Aragón
 - 3.8. A historiografía nos séculos XIV e XV
4. **AS CRÓNICAS DO ESPACIO.** Os libros de viaxes. *Il Milione* de Marco Polo.

5. BIBLIOGRAFÍA

TEXTOS:

- Alfonso X el Sabio y las Crónicas de España*, ed. Inés Fernández-Ordóñez, Fundación Central-Hispano y Centro para la Edición de los Clásicos Españoles, Valladolid, 2000.
- Amis e Amile*, C. Alvar - H. O. Bizarri (ed. e trad.), Turnhout, Brepols, 2010.
- Cantar de Guillermo*, trad. J. Rubio Tovar, Madrid, Gredos, 1997.
- Cantar de Mio Cid*, A. Montaner (ed.), Barcelona, Crítica, 1993.
- Chanson de la croisade albigeoise : texte original*, préface de Georges Duby ; adaptation de Henri Gougaud ; introduction de Michel Zink, Paris, Librairie Générale Française, D.L. 2002
- Chanson de Roland*, I. de Riquer (trad.), Madrid, Gredos, 1999 / C. Segre (ed.), nouvelle édit. refondue, traduite par M. Tyssens, Genève, Droz, 2003.
- Jaime I, *Libro de los hechos*, trad. J. Butiña Jiménez, Madrid, Gredos, 2003.
- La peregrinación de Carlomagno*, edición crítica, traducción rimada, introducción y notas de Ricardo Redoli Morales, Málaga, Servicio de Publicaciones de la Universidad de Málaga, D.L. 2007; *Le Pelerinage de Charlemagne, La Peregrinación de Carlomagno*, I. de Riquer (trad.), El Festín de Esopo, 1984
- Marco Polo, *Milione, Versione toscana del Trecento*, ed. critica de V. Bertolucci, Milano, Adelphi, 1994 (1ª ed. 1975)
- Marco Polo. *Il Milione*, Ponchirolí, D. (ed.), Torino, Einaudi, 2005.
- Rubio Tovar, J. - Pérez Priego, M. A. (eds.), *Viajes medievales*, Fundación José Antonio Castro, Madrid, 2005, 2 vols. [t. I, editado por J. Rubio Tovar: *Libro de Marco Polo, Libro de las maravillas del mundo de Juan de Mandavila y Libro del conocimiento*; t. II, editado por M. A. Pérez Priego: *Embajada a Tamorlán, Andanças e viaxes de Pero Tafur y Diarios de Colón*]

The Canso d'Antioca : an Occitan epic chronicle of the First Crusade / Carol Sweetenham and Linda M. Paterson, Aldershot, Hants, England ; Burlington, VT : Ashgate, 2003.

ESTUDOS:

Boutet, D., *La Chanson de geste : forme et signification d'une écriture épique du Moyen Age*, Paris, 1993.

Dumézil, G., *Mythe et épopée*, Paris, Gallimard, 1968, 3 vols.

Girolamo, C. di, *La letteratura romanza medievale*, Bologna, 1994.

Guidot, B., *Chanson de geste et réécritures*, Orleans, 2008.

Kay, S., *The 'Chansons de Geste' in the Age of Romance: Political Fictions*, Oxford, Clarendon Press, 1995.

Lejeune, R. et alii (dirs.), *Les épopées romanes*, en *GRMLA*, Carl Winter, Heidelberg, III (1/2), 1987.

Limentani, A. - Infurna, M. (eds.), *L'epica*, Bologna, Il Mulino, 1986.

Martin, J. P. - Suard, F. (eds.), *L'épopée: mythe, histoire et société*, Paris, 1996.

Menéndez Pidal, R., *La Chanson de Roland y el neotradicionalismo. Orígenes de la épica románica*, Madrid, 1959.

Real, E., *Épica medieval francesa*, Madrid, 2002.

Riquer, M. de., *Los cantares de gesta franceses*, prólogo de Isabel de Riquer, trad. de M.R. Bastardas, Madrid, 2009.

Rossi, M., *Huon de Bordeaux et l'évolution du genre épique au XIII e siècle*, Paris, 1975.

Rychner, J., *La chanson de geste. Essai sur l'art épique des jongleurs*, Genève, Droz, 1955.

Segre, C., *La tradizione della 'Chanson de Roland'*, Napoli-Milano, 1974 .

Suard, F., *Chanson de geste et tradition épique en France au Moyen Age*, Orleans, Paradigme, 1994.

Suard, F., *La chanson de geste*, col. "Que sais-je?", Paris, PUF, 1993.

Tyssens, M., *La geste de Guillaume d'Orange dans les manuscrits cycliques*, Paris, Les Belles Lettres, 1967.

Victorio, J. (dir.), *L'épopée*, Typologie des Sources du Moyen Âge Occidental, Brepols, Turnhout, 1987.

Zumthor, P., *Introduction à la poésie oral*, Du Seuil, Paris, 1983; trad. Madrid, Taurus, 1991.

Arnaldi, G., "Annali, cronache, storie", en *Lo spazio letterario del Medioevo. Il Medioevo latino*, a cura di G. Cavallo et alii, I, La produzione del testo, vol. II, Roma, 1993, pp. 463-513.

Asperti, S., "La letteratura catalana medievale", en C. Alvar et alii, *Le Letterature medievali romanze d'area iberica*, Bari, 1999, pp. 378-385.

Conde, J. C., "Para una teoría de la historiografía de ámbito universal en la Edad Media: notas sobre su caracterización como relato", en A. Ward (ed.), *Teoría y práctica de la historiografía hispánica medieval*, Birmingham Press, 2000, pp. 167-191.

Deliyannis, D.M. (ed.), *Historiography in the Middle Ages*, Leiden, 2003.

- Fernández-Ordóñez, I., *Alfonso X el Sabio y las Crónicas de España*, Valladolid, 2000.
- Funes, L., "Las crónicas como objeto de estudio", *Revista de poética medieval*, 1, 1997, pp. 123-144.
- Gómez Redondo, F., *Historia de la prosa medieval castellana, I: La creación del discurso prosístico: el entramado cortesano*, Madrid, 1998.
- Grotz, H., *La storiografia medioevale: introduzione e sguardo panoramico*, Roma, 1993.
- Guenée, B. (dir.), *Le métier d'historien au Moyen Âge. Études sur l'historiographie médiévale*, Paris, 1977.
- Guenée, B., "Histoire, annales, chroniques. Essai sur les genres historiques au Moyen Âge", *Annales E.S.C.*, XXVIII / 2 (1973), pp. 997-1016.
- Guyottheannin, O., *Les sources de l'histoire médiévale*, Paris, 1998.
- Hauf, A., *La littérature historiographique des origines à 1500*, en *GRMLA*, t. XI / 2, Heidelberg, 1993.
- Lacroix, B., *L'historien au Moyen Âge*, Montréal / Paris, 1971.
- Linehan, P., *History and the Historians of Medieval Spain*, Oxford, 1993.
- Mitre Fernández, E., *Historiografía y mentalidades históricas en la Europa medieval*. Madrid, 1982.
- Noël, R. - Genicot, L. (dirs.), *Typologie des sources du Moyen Age occidental*. Turnhout, 1972.
- Orcástegui, C. - Sarasa, E., *La historia en la Edad Media. Historiografía e historiadores en Europa Occidental: siglos V-XIII*, Madrid, 1991.
- Rico, F., *Alfonso el Sabio y la "General Estoria"*. Tres lecciones, Barcelona, 1972, 1984²,
- VV.AA. *La Storiografia Altomedievale. Settimane di Studio del Centro Italiano di Studi sull'Alto Medioevo*, XVII, 2 vols. Spoleto, 1970.
- Aznar Vallejo, E., *Viajes y descubrimientos en la Edad Media*, Madrid, Síntesis, 1994.
- Cardona, G. R., "I viaggi e le scoperte", en A. Asor Rosa (ed.), *Letteratura Italiana. Le Questioni*, t. V, Torino, Einaudi, 1986, pp. 199-207.
- D'Agostini, M. E. (ed.), *La letteratura di viaggio. Storia e prospettive di un genere letterario*, Guerini e Associato, Milano, 1987.
- Finazzi-Agrò, E., "Literatura de viagens", en G. Lanciani y G. Tavani (coords.), *Dicionário de Literatura Medieval Galega e Portuguesa*, pp. 394-396.
- Heers, J., *Marco Polo*, Barcelona, Salvat, 1988 (1ª ed. 1983).
- Minervini, L., "La letteratura di viaggio", en C. di Girolamo (ed.), *La letteratura romanza medievale*, Bologna, Il Mulino, 1994, pp. 297-308.
- Popeanga, E., "Los libros de viajes en el mundo románico", en R. Lorenzo (coord.), *Actas do XIX Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románicas (Santiago de Compostela, 1989)*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1996, pp. 787-794.
- VV. AA., *La letteratura di viaggi dal Medioevo al Rinascimento. Generi e problemi*, Alessandria, Edizioni dell'Orso, 1989.
- VV. AA., *Los libros de viajes en el mundo románico. Revista de Filología Románica*, VIII (1991).
- Zumthor, P., *La medida del mundo. Representación del espacio en la Edad Media*, Madrid, Cátedra, 1994.

6. METODOLOXÍA DA ENSINANZA

O profesor exporá nas sesións teóricas os contidos e conceptos básicos da materia, que se ilustrarán a través de textos e imaxes seleccionados polo profesor. Antes de iniciar cada tema ofreceráse aos alumnos un guiión cos principais puntos que se tratarán nas clases e proporcionaráselles a bibliografía básica de cadansúa unidade do programa. Os alumnos deberán realizar catro lecturas obrigatorias: dúas de obras épicas, una dun texto historiográfico e outra dun relato de viaxes, das que darán conta en exercicios escritos. Ademais, faranse lecturas de textos de fontes primarias e de estudos que servirán para preparar diferentes aspectos dos contidos do programa.

Os estudantes deberán participar activamente nas lecturas de textos e comentarios, aos que deberán aplicar os coñecementos recibidos nas sesións expositivas. Así mesmo, realizaranse baixo a tutela do profesor varios traballos nos que abordarán aspectos concretos do curso desde unha orientación histórico-comparada.

7. SISTEMA DE AVALIACIÓN

Os alumnos que asistan a clase con regularidade serán avaliados polo docente de maneira continua a través da asistencia e da súa participación (30 % do total da nota final). Durante o cuatrimestre farán a lectura de catro obras e dunha selección de textos, e entregarán unha serie de comentarios seleccionados de acordo co profesor (70 % do total restante da nota).

Para superar a materia os estudantes que a cursen en réxime de non presencialidade (non asistencia continua ás sesións de clase, sen xustificación oficial, ou non realización dos traballos requeridos) deberán realizar un exame final da mesma, que consistirá nunha proba escrita con preguntas teóricas e prácticas sobre textos concretos contidos no programa.

8. DISTRIBUCIÓN E CALENDARIO DE ACTIVIDADES

HORAS DE TRABAJO PERSOAL

Sesi3ns presenciais: 48 horas (24 sesi3ns expositivas + 24 sesi3ns interactivas)

Sesi3ns de titorías: 3 horas

Sesi3ns de avaliación: 3 horas

Total: 54 horas

HORAS DE TRABALLO NON PRESENCIAL DO ALUMNO:

Sobre as sesi3ns presenciais: 84 horas (48 sesi3ns expositivas + 36 sesi3ns interactivas)

Sesi3ns de titorías: 3 horas

Sesi3ns de avaliación: 9 horas

Total: 96 horas

Total: 54 horas + 96 horas = 150 horas